



Qué fai unha persoa coma ti nunha **CRISE** como esta?

Este é o título dun libro que está a ter moito tirón e que fala das medidas económicas do goberno, as posturas dos sindicatos, o aforro nas familias, cómo investimos os nosos aforros e outros temas fundamentais para comprender o que está pasando. O autor é Leopoldo Abadía e el propón unha serie de consellos con gran sentido común:

- Non gastar máis do que se ingresa.
- Antes moitas familias vivían por riba das súas posibilidades grazas a un cada vez maior endebedamento. Acostumarnos a que agora viviremos peor porque antes vivíamos mellor de forma artificial.
- Estar preparadas/os para unha crise longa e que ninguén sabe cándo terminará.
- Non investir os aforros naquilo que non se entenda.
- É prioritario emprender.

E preguntarédesvos a qué vén este tema nun boletín mensual de educación social? Pois precisamente para chamar a atención de que o Ceesg está en crise e debemos reaccionar. E... de ónde vén iso da crise? Permitídenos outra pequena lección de economía de “andar pola casa”:

Baixan os intereses en EE.UU. Os bancos precisan facer negocios e co interese baixo non o fan. Entón os bancos buscan un tipo de persoas ás que facerlles hipotecas (as persoas “ninja” – termo acuñado por Leopoldo Abadía-). Estas persoas non devolven os cartos e os bancos quedan sen eles. Así que reinventan paquetes hipotecarios que se prestan de banco a banco, no *mercado interbancario*, e préstano a un determinado tipo de interese que é o *Euribor* –o índice polo que se mide a nosa hipoteca-. Pero os bancos non se fían e cobran máis de intereses, polo que o *Euribor* sube e ti pagas máis. Así que a verdadeira crise está na desconfianza dos bancos entre si. E, por conseguinte, ninguén se fía de ninguén. Hai persoas expertas que din que si que hai diñeiro, pero o que non hai é confianza. Isto é, a crise de liquidez é unha auténtica crise de non fiarse da próxima/o.

Logo de 10 anos de Ceesg estamos nunha tesitura complicada, porque pode que tamén nos estea a acontecer o mesmo: falta de confianza.

Entra unha nova xunta de goberno e pretendemos iniciar moitos cambios, pero agora estes veñen impostos, xa que temos que buscar unha solución ao problema e necesitamos de todas e todos para superalo. O próximo 11 de marzo volvemos ter Asemblea Xeral e presentaremos os plans de traballo para este ano, así como os orzamentos e a actual situación económica. Precisamos do apoio e a presenza da comunidade colexial entendendo que é unha situación que afecta a todas e cada unha de nós.

E seguro que aínda teremos alguén que se pregunte para qué serve un colexio profesional, afondando nesa desconfianza da que falabamos? O colexio sérvenos na idea de que teñamos alguén que nos acolla, facendo respectar os nosos dereitos, ao mesmo tempo que nos limite, recordándonos os nosos deberes (JULIÁ, Toni: 1995). E un dos deberes que temos como colectivo é acudir ás asembleas do Ceesg, polo que agardamos poder saudarte e debater sobre o futuro inmediato do noso colexio profesional –se non podes asistir, delega o voto en alguén que veña-. E todo isto sen perder o optimismo, entendido como “sacar o maior partido posible dunha situación concreta”. E agora estamos nunha situación concreta. Abofé que si. Temos enriba da mesa decisións que tomar. Poñamos pois en práctica todos eses verbos activos que promulgamos: Participar, construír, desenvolver, crear, compartir, comunicar, medrar, camiñar...

“Rexeito a afirmación de que nada é posible facer debido ás consecuencias da globalización da economía e que é necesario dobrar a cabeza docilmente porque nada se pode facer contra o inevitable. Aceptar a inexorabilidade do que acontece, é unha excelente contribución ás forzas dominantes na súa loita desigual coas persoas excluídas.”
Paulo Freire

Xunta de Goberno entrante, 2011

ACTUACIONES REALIZADAS

- Reunión con Dona Beatriz Cuiña, Secretaria da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para solicitar información acerca do estado e previsións do desenvolvemento da aplicación da Lei Ómnibus. Tivo lugar o día 4 de febreiro en Santiago de Compostela.
- Celebración da Asemblea Xeral Ordinaria do Ceesg e das eleccións á Xunta de Goberno. Ambos actos tiveron lugar o día 11 de febreiro en Santiago de Compostela.
- Organización da obra de teatro *Educador Social en Alaska*, en colaboración coa Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela. Os membros da Compañía teatral Factoría Los Sánchez asistiron tamén a un coloquio co alumnado de Educación Social. Ambos actos tiveron lugar o día 11 de febreiro en Santiago de Compostela.
- Participación na Mesa redonda: *Formación e innovación: o papel do asociacionismo profesional*, no marco das *Xornadas de Innovación Educativa* organizadas pola Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de A Coruña. A mesa redonda tivo lugar en A Coruña o día 15 de febreiro.
- Celebración do sorteo público entre os colexiados/as dos membros da mesa de censores que se encargarán da revisión de contas do Ceesg no final da lexislatura.
- Envío de escrito ao Concello de Arzúa en relación ás bases para a cobertura dunha praza de Axente TIC publicadas no taboleiro de anuncios do concello. Proponemos a inclusión de educadores/as sociais entre os requisitos para participar no proceso selectivo, ao axustarse perfectamente ao posto.
- Envío de escrito ao Concello de Guitiriz en relación ás bases para a cobertura dunha praza de Educador/a familiar que se publicaron no BOP de Lugo de 3 de febreiro. Defendemos a participación de persoas habilitadas en igualdade de condicións que o resto de titulados/as que poden acceder ao posto, e que consideramos que o único perfil axeitado para a cobertura destas prazas é o de educador/a social.
- Participación en representación do Ceesg no tribunal de selección dun Educador/a social para o Concello de Narón (unha persoa como membro do tribunal e outra como asesora).

AVISO IMPORTANTE: Asistencia á Asemblea Xeral

Tras a recente renovación de cargos da Xunta de Goberno do Ceesg, coa que se inicia unha nova lexislatura, e despois tamén de ter revisado e aprobado o traballo realizado no ano anterior, toca agora xuntarnos de novo para ver e aprobar os plans de traballo e orzamento para o presente exercicio, entre outros asuntos tamén moi relevantes.

Nesta ocasión, a asemblea desenvolverase no Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA), en Santiago de Compostela (Rúa San Lázaro, 107) ás 16:30 h. en primeira convocatoria e as 17:00 h en segunda.

A orde do día será a seguinte:

1. Aprobación da acta da Asemblea anterior.
2. Presentación e aprobación de informe da Censura de Contas da Xunta de Goberno saínte.
3. Toma de posesión da nova Xunta de Goberno electa.

4. Presentación e aprobación de Plans de Traballo e Orzamento económico concernentes ao exercicio 2011.

5. Información da situación de crise do colexio e decisións adoptadas ao respecto.

6. Suxestións e preguntas.

Os plans de traballo e orzamento económico estarán á vosa disposición na sede do Ceesg e na web ceesg.org nos días previos á celebración da Asemblea Xeral.

Ante a importancia dos asuntos a debater, é moi importante a maior asistencia e participación. Se non podes vir, recorda que calquera outra persoa colexiada pode facelo por ti, delegando o teu voto.

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



aviso

- Dada a situación de crise na que está sumido o Ceesg, decidiuse, por aforro económico e ecolóxico, que o importe sufragado por cada colexiada/o ao Ceesg durante o 2010, para incluílo na Declaración da Renda, poderá consultarse a través da web. Só se enviará certificado por correo postal ou electrónico a aquelas persoas que o soliciten expresamente.

FORMACIÓN CONTINUA

XXV ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORES/AS POLA PAZ

Organiza: Nova Escola Galega; Educadores pola Paz; Asociación Agappaz.

Datas: 29 e 30 de abril, e 1 de maio.

Lugar: Allariz.

Contido: Nesta edición, o encontro centrarase en “Estratexias e recursos para traballar a Educación para a Paz”.

Información e matrícula:

981562577

neg@mundo-r.com

INICIATIVAS DE PROMOCION SOCIAL E DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO EN VILAS INTERMEDIAS

Organiza: Concello de Redondela.

Datas: 25 de marzo.

Lugar: Redondela.

Contido: Trátase dunha xornada de traballo para que os profesionais que se dedican á xestión e coordinación de programas de servizos sociais comunitarios, públicos e privados, debatan e coñezan de primeira man experiencias que se están a facer no entorno, podendo aportar e contrastar as súas visións e coñecementos.

Información e matrícula:

servizosociais@redondela.info

Tlf.: 986 402 608 / 986 405 189

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Guitiriz (Lugo): Bases xerais e específicas para a contratación dun/ha educador/a familiar. BOP 04/02/11

Concello de Vigo (Pontevedra): Oferta de emprego público. Unha praza de técnico/a medio/a de igualdade. DOG 18/02/11

Concello de O Barco de Valdeorras (Ourense): Modificación da oferta de emprego público. Un posto de animador/a socioeducativo/a. BOP 19/02/11 e DOG 24/02/11

OUTROS

Deputación Provincial da Coruña: Convocatoria de bolsas de investigación do ano 2011. BOP 02/02/11

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social. DOG 02/02/11

Xefatura do Estado: Real Decreto-lei 1/2011, de 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recalificación profesional das persoas desempregadas. BOE 12/02/11

Ministerio de Educación: Resolución pola que se publica o Convenio de colaboración coa Comunidade Autónoma de Galicia, para o Plan de apoio á implantación da LOE. Ano 2010. BOE 14/02/11

Ministerio de Traballo e Inmigración: Resolución pola que se determina a forma e prazos de presentación de solicitudes e de tramitación para a concesión de axudas económicas de acompañamento pola participación no programa de recalificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego, establecidas no Real Decreto-lei 1/2011, de 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recalificación profesional das persoas desempregadas. BOE 16/02/11

Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade: Real Decreto 174/2011, de 11 de febreiro, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. BOE 18/02/11

Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade:

Real Decreto 175/2011, de 11 de febreiro, polo que se modifica o Real Decreto 727/2007, de 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, e o Real Decreto 615/2007, de 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos coidadores das persoas en situación de dependencia. BOE 18/02/11

Consellería de Sanidade: Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados nas unidades asistenciais con especialización en drogodependencias da Comunidade Autónoma galega. DOG 10/02/11. Corrección o 18/02/11

Xefatura do Estado: Real Decreto-lei 3/2011, de 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego. BOE 19/02/11

Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación: Resolución pola que se convocan subvencións ás organizacións non gubernamentais de desenvolvemento para a realización de proxectos de cooperación para o desenvolvemento, incluídos os de educación para o desenvolvemento en España, correspondente ao ano 2011. BOE 25/02/11

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de axudas individuais destinadas á promoción da autonomía persoal e a accesibilidade e se procede á súa convocatoria. DOG 28/02/11

Consellería de Traballo e Benestar: Resolución pola que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección dos traballadores e traballadoras desempregadas que serán contratadas a través dos programas de cooperación para o ano 2011, como medida para combater o desemprego de longa duración e xuvenil. DOG 28/02/11